



Xornada formativa "A diversidade sexual na adolescencia de hoxe"

RELATORAS	María Lameiras Fernández e M ^a Luisa Abad Abad.
ORGANIZA	Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
COORDINAN	Manuela del Palacio García (G-3628) e Ana María Ulloa Lage (G-1118).
DURACIÓN	2 horas.
DATA E HORARIO	Sábado, 24 de abril de 2021. De 10:00 a 12:00 horas.
MODALIDADE	En liña. Plataforma Moodle e ZOOM.
PRAZAS	100
PREZOS	Membros da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de Psicoloxía, do máster ou doutoramento en Psicoloxía 10€ Psicólogos/as colexiados/as 15 € Psicólogos/as non colexiados/as 30 €

OBXECTIVO

Esta xornada formativa centrarase na análise do carácter construído da identidade sexual, así como en cuestionar a heteronormatividade, recoñecendo a diversidade de identidades. Ademais, procurarase determinar como integrar dita diversidade na vida cotiá para que o acoso homófobo e tránsfobo deixen de ser unha realidade.



Xornada formativa "A diversidade sexual na adolescencia de hoxe"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

A xornada formativa terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados membros da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a xornada formativa entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Para as tarifas de estudante achegárase copia da matriculación no curso actual.

Último día de inscrición: 14 de abril de 2021.

RELATORAS



Mª LUISA ABAD ABAD

Licenciada en Pedagogía pola Universidade de Barcelona. Mestra en Educación Infantil e Primaria. Asesora de Formación Permanente de Educación Infantil e de Coeducación durante nove anos no CEFORE de Vigo. Orientadora escolar en secundaria. Autora do *Manual para coeducar na Educación Infantil* (Xerais, 2008) e divulgadora habitual sobre temas de igualdade. Titora de cursos online sobre igualdade na AS-PG e na Consellería de Educación.



Xornada formativa "A diversidade sexual na adolescencia de hoxe"



MARÍA LAMEIRAS FERNÁNDEZ

Licenciada (1987) e doutora (1994) en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, Catedrática da Universidade de Vigo na área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos na especialidade de Estudos de xénero e sexualidade. Investigadora principal do grupo PTI da Universidade de Vigo "Saúde, sexualidade e xénero" desde 1996, con 180 artigos publicados en revistas nacionais e internacionais e unha vintena de libros como autora ou coautora, e con máis de 200 comunicacións presentadas en congresos nacionais e internacionais. Con estancias en universidades europeas, iberoamericanas e norteamericanas, as máis recentes na Universidade de Princeton (2015), na John Hopkins University (2017) e na George Washington University (2018) e nas Universidades de El Paso (UTEP) e de Ciudad Juárez (UACJ) (2019). Asumindo responsabilidades de xestión con cargos unipersoais, sendo o máis recente o de Vicerreitora da Universidade de Vigo (2010-2014). Participou no proxecto COST financiado pola Comunidade Europea sobre o tema *Femicide across Europe* (2013-2017).

PROGRAMA

María Lameiras Fernández:

1. A construción das identidades: do esencialismo ao posestruturalismo.
2. O modelo heteronormativo: estereotipos de xénero descritivos (como se debe ser) e prescritivos (como se debe actuar).
3. A transgresión do modelo heteronormativo.
 - 3.1 Máis alá do modelo dos dous sexos: a intersexualidade.
 - 3.2 Máis alá do modelo dos dous xéneros: transexualidade e transxenerismo.
 - 3.3 A ruptura da heterosexualidade obrigatoria: homosexualidade e lesbianismo.
4. A educación sexual integral para todas as identidades.

M^a Luisa Abad Abad:

1. Conceptos básicos sobre diversidade.
2. Integrar a diversidade na vida cotiá: familia e escola.
3. Previr, detectar e actuar ante o acoso homófobo e tránsfobo.